

**A regulación do emprego
e o Fondo de Garantía
Salarial**

12

12.1 INTRODUCCIÓN

Neste apartado, no que se examinan os expedientes de regulación de emprego tramitados e as persoas traballadoras afectadas polos mesmos, téñense en conta fundamentalmente, no referido a Galicia, os datos facilitados pola Consellería de Traballo e Benestar, competente nesta materia; completados con aqueles cuxa competencia se reserva á Administración Central, segundo os datos publicados polo Ministerio de Empleo y Seguridad Social.

Denomínanse procedementos pactados aqueles nos que se acada un acordo entre a empresa e os representantes legais das persoas traballadoras. Os procedementos sen período de consultas son aqueles que se xustifican en causas de forza maior, nos que a normativa non establece a obrigatoriedade dun período de consultas.

A partires do 13 de febreiro de 2012, hai que ter en conta as modificacións que se introduciron no Real Decreto 3/2012, de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, no referido á supresión do requisito de autorización administrativa, manténdose a esixencia dun período de consultas.

12.2 REGULACIÓN DE EMPREGO

No cadro 12.1 se ofrece, con datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, unha visión xeral das/os traballadoras/es afectados polos efectos dos expedientes de regulación de emprego en base á información subministrada pola Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, a Comunidade autónoma ou o área de Traballo dependendo da autoridade laboral á cal competa a resolución. Examinando as cifras se pode ver que as persoas traballadoras da provincia de Pontevedra son as máis afectadas polos expedientes e, no que se refire concretamente aos expedientes de extinción, a provincia da Coruña é a que maior número de traballadores/as reflicte.

Cadro 12.1

Traballadores afectados por despidos colectivos, suspensión de contrato e redución de xornada, por provincia. Galicia 2014

	Total	Despidos colectivos	Suspensión de contrato	Redución de xornada
Galicia	12.877	1.499	8.878	2.500
A Coruña	4.195	885	2.333	977
Lugo	534	49	299	186
Ourense	691	101	355	235
Pontevedra	7.457	464	5.891	1.102

Fonte: Ministerio de Emprego e Seguridade Social

No que se refire en concreto aos expedientes tramitados pola Comunidade Autónoma, e con datos de esta, o cadro 12.2 amósanos que a provincia de Pontevedra é, en xeral, a que maior número de expedientes e traballadores/as afectados reflicte. Tamén se pode ver que os expedientes pactados son

máis do 90% do total.

Cadro 12.2

Traballadores afectados, segundo acordo entre as partes e tipo de medida, por provincia. Galicia 2014

	Pactados		Non Pactados		Sen período de consultas*		Totais	
	Expedientes	Trab. Afectados	Expedientes	Trab. Afectados	Expedientes	Trab. Afectados	Expedientes	Trab. Afectados
A Coruña	293	3.046	16	217	15	105	324	3.368
Lugo	83	379	5	63	3	10	91	452
Ourense	65	509	3	66	4	30	72	605
Pontevedra	437	5.618	17	897	29	367	483	6.882
Ámbito autonómico	13	424	1	30	0	-	14	454
Totais	891	9.976	42	1.273	51	512	984	11.761

* Sen período de consultas: aqueles procedementos que se xustifican en causas de forza maior, nos que a normativa non establece a obrigatoriedade dun período de consultas

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social

Nos cadros 12.3 ao 12.6 analízanse os expedientes pola medida autorizada segundo sexan pactados, non pactados ou sen período de consultas, así como o ámbito territorial.

Cadro 12.3

Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada, segundo o ámbito territorial e medida. Ano 2014

Ámbito	Expedientes totais			
	Extinción	Suspensión	Redución	Totais
A Coruña	19	129	176	324
Lugo	1	40	50	91
Ourense	5	23	44	72
Pontevedra	12	263	208	483
Autonómicos	2	6	6	14
Totais	39	461	484	984

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social

Cadro 12.4

Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada pactados, segundo o ámbito territorial e medida. Ano 2014

Ámbito	Expedientes pactados			
	Extinción	Suspensión	Redución	Totais
A Coruña	13	110	170	293
Lugo	0	35	48	83
Ourense	4	18	43	65
Pontevedra	9	225	203	437
Autonómicos	2	5	6	13
Totais	28	393	470	891

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social

Cadro 12.5

Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada non pactados, segundo o ámbito territorial e medida aplicada. Ano 2014

Ámbito	Expedientes non pactados			
	Extinción	Suspensión	Redución	Totais
A Coruña	6	4	6	16
Lugo	0	3	2	5
Ourense	0	2	1	3
Pontevedra	3	9	5	17
Autonómicos	0	1	0	1
Totais	9	19	14	42

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social

Cadro 12.6

Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada sen período de consultas, segundo o ámbito territorial e medida aplicada. Ano 2014

Ámbito	Expedientes sen período de consultas			
	Extinción	Suspensión	Redución	Totais
A Coruña	0	15	0	15
Lugo	1	2	0	3
Ourense	1	3	0	4
Pontevedra	0	29	0	29
Autonómicos	0	0	0	0
Totais	2	49	0	51

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social

Pola súa parte, o cadro 12.7 amosa que o sector servizos é o que maior número de expedientes rexistra.

Cadro 12.7

Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada, por sector de actividade e ámbito territorial. Ano 2014

Ámbito	Sector de actividade					
	Agricultura	Pesca	Industria	Construción	Servizos	Totais
A Coruña	4	25	86	40	169	324
Lugo	1	3	22	21	44	91
Ourense	0	0	28	10	34	72
Pontevedra	0	39	136	59	249	483
Autonómicos	0	0	4	2	8	14
Totais	5	67	276	132	504	984

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social

Polo que se refire ás persoas traballadoras afectadas, destaca o número da provincia de Pontevedra e dos incursos en expedientes de suspensión, claramente maior nos pactados

Cadro 12.8

Persoas traballadoras afectadas por procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada, segundo o ámbito territorial e a medida. Ano 2014

Ámbito	Persoas traballadoras afectadas			
	Extinción	Suspensión	Redución	Totais
A Coruña	349	2.023	996	3.368
Lugo	6	273	173	452
Ourense	53	326	226	605
Pontevedra	245	5.705	932	6.882
Autonómicos	101	203	150	454
Totais	754	8.530	2.477	11.761

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social

Cadro 12.9

Persoas traballadoras afectadas por procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada pactados, segundo ámbito territorial e medida. Ano 2014

Ámbito	Medida			Persoas traballadoras afectadas
	Extinción	Suspensión	Redución	
A Coruña	224	1.849	973	3.046
Lugo	0	209	170	379
Ourense	50	236	223	509
Pontevedra	113	4.593	912	5.618
Autonómicos	88	186	150	424
Totais	475	7.073	2.428	9.976

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social

Cadro 12.10

Persoas traballadoras afectadas por procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada non pactados, segundo ámbito territorial e medida. 2014

Ámbito	Medida			Persoas traballadoras afectadas
	Extinción	Suspensión	Redución	
A Coruña	125	69	23	217
Lugo	0	60	3	63
Ourense	0	63	3	66
Pontevedra	132	745	20	897
Autonómicos	13	17	0	30
Totais	270	954	49	1.273

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social

Cadro 12.11

Persoas traballadoras afectadas por procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada sen período de consultas, segundo ámbito territorial e medida. 2014

Ámbito	Medida			Persoas traballadoras afectadas
	Extinción	Suspensión	Redución	
A Coruña	0	105	0	105
Lugo	6	4	0	10
Ourense	3	27	0	30
Pontevedra	0	367	0	367
Autónómicos	0	0	0	0
Totais	9	503	0	512

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social

Nos cadros 12.12 ao 12.15 efectúase a distribución por sexo, segundo a medida adoptada no expediente.

Cadro 12.12

Persoas traballadoras afectadas por procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada, segundo ámbito territorial e sexo. Ano 2014

Ámbito	Persoas traballadoras afectadas		
	Homes	Mulleres	Totais
A Coruña	2.780	588	3.368
Lugo	340	112	452
Ourense	375	230	605
Pontevedra	5.098	1.784	6.882
Autónómicos	300	154	454
Totais	8.893	2.868	11.761

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social

Cadro 12.13

Persoas traballadoras afectadas pola medida de extinción segundo o ámbito territorial e o sexo. Ano 2014

Ámbito	Persoas traballadoras afectadas		
	Homes	Mulleres	Totais
A Coruña	296	53	349
Lugo	6	0	6
Ourense	45	8	53
Pontevedra	192	53	245
Autónómicos	81	20	101
Totais	620	134	754

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social

Cadro 12.14

Persoas traballadoras afectadas pola medida de suspensión segundo ámbito territorial o sexo. Ano 2014

Ámbito	Persoas traballadoras afectadas		
	Homes	Mulleres	Totais
A Coruña	1.760	263	2.023
Lugo	229	44	273
Ourense	242	84	326
Pontevedra	4.373	1.332	5.705
Autonómicos	135	68	203
Totais	6.739	1.791	8.530

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social

Cadro 12.15

Persoas traballadoras afectadas pola medida de redución da xornada segundo ámbito territorial e sexo. Ano 2014

Ámbito	Persoas traballadoras afectadas		
	Homes	Mulleres	Totais
A Coruña	724	272	996
Lugo	105	68	173
Ourense	88	138	226
Pontevedra	533	399	932
Autonómicos	84	66	150
Totais	1.534	943	2.477

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social

O cadro 12.16 reflicte que o maior número de traballadores afectados corresponde ao sector industrial.

Cadro 12.16

Persoas traballadoras afectadas por procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada, por sector de actividade e ámbito territorial. Ano 2014

Ámbito	Sector de actividade					
	Agricultura	Pesca	Industria	Construción	Servizos	Totais
A Coruña	41	182	1.471	563	1.111	3.368
Lugo	2	25	194	104	127	452
Ourense	0	0	341	60	204	605
Pontevedra	0	387	4.254	381	1.860	6.882
Autonómicos	0	0	145	35	274	454
Totais	43	594	6.405	1.143	3.576	11.761

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social

12.3 EVOLUCIÓN EXPERIMENTADA

Unha observación simple do cadro 12.17 permite apreciar que, tras o incremento nos anos 2011 e 2012 en todos os parámetros, a tendencia cambia no ano 2013, véndose diminuídas case todas as cifras, tanto de expedientes como de traballadores afectados, tendencia que se mantén claramente no ano 2014.

Cadro 12.17

Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada e persoas traballadoras afectadas, segundo ámbito territorial (anos 2010-2014)

	Expedientes					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Autónómicos	Totais
2010	368	80	46	510	7	1.011
2011	472	148	63	734	19	1.436
2012	700	188	137	1.261	46	2.332
2013	604	177	161	930	45	1.917
2014	324	91	72	483	14	984

	Persoas traballadoras afectadas					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Autónómicos	Totais
2010	4.657	857	614	7.564	327	14.019
2011	5.661	1.560	1.070	11.271	1.165	20.727
2012	7.443	1.479	2.360	15.259	2.275	28.816
2013	5.514	1.172	1.934	9.577	2.054	20.251
2014	3.368	452	605	6.882	454	11.761

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Traballo e Economía Social

Con datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social (cadro 12.18) pódese observar o mesmo feito posto de manifesto no parágrafo anterior en todas as Comunidades Autónomas, que diminúen de xeito significativo o número de traballadores afectados por todas as medidas e podéndose observar que Galicia, no cómputo global, é a comunidade que menor diminución porcentual experimenta.

Cadro 12.18

Empresas e traballadores afectados por procedementos de regulación de emprego, segundo tipo de medida, por comunidade autónoma

	TOTAL			DESPIDOS COLECTIVOS			SUSPENSIÓN DE CONTRATOS			REDUCCIÓN DE XORNADA		
	Valores absolutos	Variacións sobre igual ano anterior		Valores absolutos	Variacións sobre igual ano anterior		Valores absolutos	Variacións sobre igual ano anterior		Valores absolutos	Variacións sobre igual ano anterior	
		Absolutas	En %		Absolutas	En %		Absolutas	En %		Absolutas	En %
Andalucía	14.032	-12.075	-46,3	3.396	-3.629	-51,7	5.047	-5.283	-51,1	5.589	-3.163	-36,1
Aragón	8.230	-16.500	-66,7	1.603	-951	-37,2	5.638	-14.195	-71,6	989	-1.354	-57,8
Asturias	6.984	-12.210	-63,6	722	-1.844	-71,9	5.037	-8.779	-63,5	1.225	-1.587	-56,4
Baleares	1.681	-1.605	-48,8	444	-469	-51,4	910	-335	-26,9	327	-801	-71,0
Canarias	2.650	-5.933	-69,1	1.009	-1.218	-54,7	1.184	-3.063	-72,1	457	-1.652	-78,3
Cantabria	3.503	-7.405	-67,9	237	-982	-80,6	2.671	-5.316	-66,6	595	-1.107	-65,0
C. A Mancha	4.315	-6.586	-60,4	876	-1.102	-55,7	1.997	-3.788	-65,5	1.442	-1.696	-54,0
C. León	14.847	-15.257	-50,7	1.529	-2.113	-58,0	11.067	-10.404	-48,5	2.251	-2.740	-54,9
Cataluña	23.978	-44.309	-64,9	6.297	-6.550	-51,0	13.613	-31.179	-69,6	4.068	-6.580	-61,8
C. Valenciana	19.750	-17.088	-46,4	4.265	-1.366	-24,3	11.921	-10.142	-46,0	3.564	-5.580	-61,0
Extremadura	1.681	-3.041	-64,4	541	-451	-45,5	513	-839	-62,1	627	-1.751	-73,6
Galicia	12.877	-10.083	-43,9	1.499	-1.953	-56,6	8.878	-4.882	-35,5	2.500	-3.248	-56,5
Madrid	18.516	-32.438	-63,7	10.293	-8.504	-45,2	5.164	-16.173	-75,8	3.059	-7.761	-71,7
Murcia	1.375	-2.401	-63,6	46	-711	-63,7	410	-814	-66,5	559	-876	-61,0
Navarra	5.799	-6.510	-52,9	395	-1.159	-74,6	4.775	-4.691	-49,6	629	-660	-51,2
País Vasco	17.854	-24.595	-57,9	2.150	-1.128	-34,4	12.401	-20.386	-62,2	3.303	-3.081	-48,3
A Ríoxa	1.441	-2.238	-60,8	194	-293	-60,2	994	-1.603	-61,7	253	-342	-57,5
Ceuta e Melilla	53	-132	-71,4	19	-53	-73,6	14	-10	-41,7	20	-69	-77,5
Total	159.566	-220.406	-58,0	35.875	-34.476	-49,0	92.234	-141.882	-60,6	31.457	-44.048	-58,3

(1) Nos datos de empresas, os datos do total nacional e dos totais por comunidade autónoma pode non coincidir coa suma dos datos por comunidades autónomas debido a que unha mesma empresa pode ter centros afectados por procedementos de regulación de emprego en distintas comunidades autónomas

Elaboración propia

Fonte: Ministerio de Emprego e Seguridade Social

12.4 FONDO DE GARANTÍA SALARIAL

A definición legal vén establecida no artigo 33.1 do Estatuto dos Traballadores e no artigo 1 do Real Decreto 505/1985, do 6 de marzo, sobre Organización e Funcionamento do Fondo de Garantía Salarial, que o configuran, respectivamente, como: “O Fondo de Garantía Salarial, Organismo autónomo adscrito ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social, con personalidade xurídica e capacidade de obrar para o cumprimento dos fins establecidos no artigo 33 do Estatuto dos Traballadores”.

En canto Organismo Autónomo goza de:

- Autonomía de xestión.
- Patrimonio e tesouraría propia.
- Personalidade xurídica pública e diferenciada, sen que iso supoña a quebra do principio da personalidade xurídica ÚNICA da Administración Xeral do Estado. Personalidade diferenciada, pero non independente.
- Sometemento ao principio de legalidade (art. 103.1 da Constitución Española) e ao Dereito Administrativo.
- Ámbito de actuación xeográfica sobre todo o territorio nacional.

En canto aos seus fins e a súa actuación, están determinados no artigo 33 da Lei do Estatuto dos Traballadores, texto refundido aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/1995 do 24 de marzo, na Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social, e no Real Decreto 505/1985, do 6 de marzo, sobre organización e funcionamento do Fondo de Garantía Salarial. Enmárcase dentro da Administración Xeral do Estado, a través do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

A súa FINALIDADE BÁSICA, para a que foi creado mediante o artigo 31 da Lei 16/1976, do 8 de abril, de Relacións Laborais, é a de Institución de GARANTÍA dos créditos salariais ante a insolvencia do empregador. Hoxe ten atribuído o aboamento aos/as traballadores/as dos salarios e indemnizacións que as empresas para as que traballan non puideron satisfacer por encontrarse en situación legal insolvencia ou por ser declaradas en situación de concurso. Aboadas as prestacións o Fondo de Garantía Salarial subrogarase obrigatoriamente nos dereitos e accións dos/as traballadores/as para proceder en reclamación e repetición fronte aos/as empregadores/as que os/as deben.

Entre as súas FINALIDADES COMPLEMENTARIAS destaca o apoio ou protección ás empresas en situación de crise, dado que fomenta o mantemento do emprego e a continuidade empresarial, mediante o aboamento de certas prestacións sen obriga de restitución (“a fondo perdido”), o pagamento de prestacións sen necesidade de declaración de insolvencia empresarial (a chamada “insolvencia técnica” ou en casos de forza maior), e a posible subscripción convenios de devolución aprazada ou fraccionada das cantidades fertilizadas polo Organismo.

■ Persoas Beneficiarias.-

Aqueles/as traballadores/as por conta allea sexan titulares de créditos por salarios e indemnizacións na forma legalmente establecida incluídos/as dentro dos seguintes apartados:

- a) Traballadores/as por conta allea vinculados/as por relación laboral ordinaria.
- b) Deportistas profesionais vinculados/as a estes en virtude de relación laboral de carácter especial.
- c) Traballadores/as cuxa actividade sexa a de intervención en operacións mercantís sen asumir o risco e a ventura daquelas.
- d) Traballadores/as vinculados/as por calquera das relacións laborais de carácter especial a que se refire o artigo do Estatuto dos Traballadores, distintas das mencionadas nos anteriores.

As empresas, cando se trate do resarcimento dunha parte da indemnización aboada aos traballadores en caso de despedimentos obxectivos ou extinción colectiva do contrato de traballo anteriores ao 8-7-12.

■ Colectivos excluídos da acción protectora do FOGASA

- Traballadores/as ao servizo do fogar familiar.
- Socios/as traballadores/as das cooperativas de traballo asociado e das cooperativas de explotación comunitaria da terra.

A información que aquí se ofrece refírese ás prestacións económicas satisfeitas polo Fondo de Garantía Salarial, organismo autónomo do Ministerio de Emprego e Seguridade Social. As devanditas prestacións teñen fundamentalmente dúas finalidades:

- Garantir aos traballadores por conta allea o percibo dos salarios e as indemnizacións pendentes de pagamento como consecuencia dos desequilibrios patrimoniais das empresas, nos casos de insolvencia declarada e recoñecida xudicialmente, suspensión de pagamentos, quebra, forza maior ou concurso de acredores, derivadas de despedimento improcedente ou nulo, despedimento obxectivo ou extinción colectiva (arts. 52.c e 51 ET. ou 64 Lei Concursal), extinción dos contratos por vontade do traballador mediando causa xusta (art. 50 ET), así como extinción de contratos temporais ou de duración determinada, nos casos que legalmente procedan.

Estas circunstancias deben ser recoñecidas por sentenza, auto, acta de conciliación xudicial ou resolución administrativa, ou certificación da administración concursal, nos supostos de indemnización, ou por acta de conciliación xudicial ou administrativa, resolución xudicial ou se é o caso, certificación da administración concursal, nos supostos de salarios.

- Aboar directamente as seguintes indemnizacións (responsabilidade directa), sen necesidade de declaración de insolvencia ou concurso da empresa:

- Empresas de menos de 25 traballadores: (art. 33.8 ET), o 40% da indemnización legal, en caso de despedimento obxectivo ou extinción colectiva (arts. 52.c e 51 ET ou art. 64 Lei Concursal). Exclúense os contratos indefinidos subscritos a partir do 18 de xuño de 2010.

- Expedientes de Regulación de Empleo por causa de forza maior, cando a autoridade laboral acorde o pagamento parcial ou total da indemnización, por Fogasa, sen prexuízo do dereito deste a resarcirse da empresa

No cadro 1 pode observarse que, nas provincias da Coruña e Pontevedra, se incrementaron en 2014 sensiblemente o número de expedientes e empresas e, consecuentemente o número de beneficiarios.

Cadro 12.19

Expedientes, empresas afectadas e beneficiarios das prestacións acordadas, segundo sexo, por provincia. Galicia 2013-2014

	EXPEDIENTES		EMPRESAS(1)		BENEFICIARIOS					
					Ambos sexos(1)		Execucións laborais		Procedementos concursais	
	2013	2014	2013	2014	2013	2014	2013	2014	2013	2014
Galicia	10.687	17.968	6.165	8.596	15.879	24.146	10.885	16.190	3.227	7.940
A Coruña	3.684	9.224	2.245	4.345	5.156	12.044	3.487	8.034	1.660	3.995
Lugo	1.999	722	1.215	417	3.447	995	2.384	679	1.063	316
Ourense	1.477	935	689	383	1.719	1.129	1.214	821	504	308
Pontevedra	3.527	7.087	2.016	3.451	5.557	9.978	3.800	6.656	1.745	3.321

(1) o número de empresas que figura no Total non se corresponde coa suma dos parciais, xa que unha mesma empresa pode estar ubicada en máis dunha provincia

Elaboración propia

Fonte: Ministerio de Empleo e Segridade Social. *Avance Anuario de Estadísticas 2014*

Este incremento pódese ver tamén nos salarios acordados (cadro 2) e nas indemnizacións acordadas (cadro 3).

Cadro 12.20

Importe dos salarios acordados segundo sexo, por provincia. Galicia 2013-2014

	IMPORTE DOS SALARIOS ACORDADOS (miles de €)					
	Ambos sexos(1)		Varóns		Mulleres	
	2013	2014	2013	2014	2013	2014
	2013	2014	2013	2014	2013	2014
Galicia	25.658,2	40.070,4	18.984,2	28.762,8	6.626,4	11.266,6
A Coruña	9.731,9	22.243,9	7.358,0	16.135,8	2.336,0	6.072,7
Lugo	5.142,8	1.597,7	3.901,6	1.159,8	1.241,2	437,9
Ourense	2.149,4	1.914,2	1.643,3	1.424,8	506,2	489,5
Pontevedra	8.634,1	14.314,6	6.081,3	10.042,4	2.543,0	4.266,5

(1) a suma de varóns e mulleres non coincide con Ambos sexos porque éste inclúe os non clasificables por sexo

Elaboración propia

Fonte: Ministerio de Empleo e Segridade Social. *Avance Anuario de Estadísticas 2014*

Cadro 12.21

Importe das indemnizacións acordadas segundo sexo, por provincia. Galicia 2013-2014

	INDEMNIZACIÓNS (miles de €)					
	Ambos sexos(1)		Varóns		Mulleres	
	2013	2014	2013	2014	2013	2014
	2013	2014	2013	2014	2013	2014
Galicia	63.491,4	95.243,4	47.555,7	70.201,9	15.875,4	24.977,5
A Coruña	21.402,7	49.989,3	15.952,3	36.713,7	5.410,4	13.227,9
Lugo	14.294,8	3.732,3	10.729,9	2.948,3	3.564,9	784,1
Ourense	6.211,1	4.294,2	4.862,7	3.470,9	1.345,9	823,2
Pontevedra	21.582,8	37.227,6	16.010,8	27.069,0	5.554,2	10.142,3

(1) a suma de varóns e mulleres non coincide co total para ambos sexos porque éste inclúe os non clasificables por sexo

Elaboración propia

Fonte: Ministerio de Empleo e Segridade Social. *Avance Anuario de Estadísticas 2014*

Nos dous cadros seguintes reflíctense os salarios e indemnizacións segundo o motivo da solicitude.

Cadro 12.22

Importe dos salarios acordados segundo motivo da solicitude, por provincia. Galicia 2013-2014

	SALARIOS (miles de €)					
	TOTAIS(1)		Execucións laborais		Procedementos concursais	
	2013	2014	2013	2014	2013	2014
	2013	2014	2013	2014	2013	2014
Galicia	25.658,2	40.070,4	11.413,4	19.546,8	14.244,8	20.523,4
A Coruña	9.731,9	22.243,9	4.058,5	11.254,7	5.673,4	10.989,1
Lugo	5.142,8	1.597,7	1.280,3	860,7	3.862,4	737,0
Ourense	2.149,4	1.914,2	1.216,9	1.306,5	932,6	607,7
Pontevedra	8.634,1	14.314,6	4.857,7	6.124,9	3.776,4	8.189,6

(1) inclúe o importe de salarios responsabilidade directa de Fogasa

Elaboración propia

Fonte: Ministerio de Empleo e Segridade Social. *Avance Anuario de Estadísticas 2014*

Cadro 12.23

Importe das indemnizacións acordadas segundo motivo da solicitude, por provincia. Galicia 2013-2014

	INDEMNIZACIÓNS (miles de €)							
	Total		Por impago da empresa				Responsabilidade directa	
			Execucións laborais		Procedementos concursais		Fogasa	
	2013	2014	2013	2014	2013	2014	2013	2014
Galicia	63.497,7	95.243,4	14.592,5	27.632,7	28.943,7	38.419,9	19.961,5	29.190,9
A Coruña	21.402,7	49.989,3	4.432,1	15.099,7	9.992,8	20.698,6	6.977,7	14.190,9
Lugo	14.294,8	3.732,3	1.950,4	1.558,9	8.055,1	1.366,6	4.289,3	806,9
Ourense	6.211,1	4.294,2	1.816,9	1.794,2	1.880,5	1.524,1	2.513,8	975,8
Pontevedra	21.589,2	37.227,6	6.393,1	9.179,8	9.015,3	14.830,5	6.180,7	13.217,3

Elaboración propia

Fonte: Ministerio de Empleo e Segridade Social. *Avance Anuario de Estadísticas 2014*

